



DATOS IDENTIFICATIVOS

Ciencia política II: Fundamentos de ciencia da administración

Materia	Ciencia política II: Fundamentos de ciencia da administración			
Código	P04G090V01104			
Titulación	Grao en Dirección e Xestión Pública			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1	1c

Lingua de
impartición

Departamento Socioloxía, ciencia política e da administración e filosofía

Coordinador/a Varela Alvarez, Enrique Jose

Profesorado Varela Alvarez, Enrique Jose

Correo-e evalvarez@uvigo.es

Web <http://fatic.uvigo.es/>

Descrición xeral A ciencia da administración é un enfoque de análise da realidade administrativa e institucional que se integra dentro das ciencias da política ou ciencias políticas. Como subenfoque desta, oriéntase cara ao estudo das institucións administrativas como reguladoras do conflito social, do que formarían parte o resto de actores das sociedades contemporáneas, como son o sector empresarial, o terceiro sector, os partidos políticos e sindicatos etc. De aí a importancia de estudar desde a ciencia da administración o conxunto das administracións públicas que operan nos sistemas político-administrativos de benestar, ao achegar luz sobre os sistemas de articulación administrativa do poder público, así como o persoal que nelas traballan, e as políticas e programas que producen para o conxunto da sociedade. Sen a competencia que achega a ciencia da administración, antóllase difícil coñecer o conxunto de obxectivos das organizacións públicas multinivel que operan en Europa, España e Galicia, ademais das definicións de interese xeral que realizan cada unha delas, tamén das súas normas de comportamento (legais e alegais), e a lóxica de subordinación ao poder político. Entre os contidos básicos que recolle a materia, podemos encontrar nos seguintes módulos:

1. As administracións públicas contemporáneas como obxecto de estudo.
2. A introdución aos sistemas administrativos comparados.
3. A evolución das administracións públicas no medio multinivel e intergubernamental: Unión Europea, España e Galicia.

Competencias de titulación

Código	
A29	Comprender o comportamento dos actores político-administrativos
A30	Coñecer e diferenciar o conxunto de entes públicos e privados que traballan en rede coas AAPP
A44	Comprender as relacións de poder intergubernamentais
A54	Identificar as características da Nova Xestión Pública
A70	Saber emitir reflexións, xuízos e ideas sobre aspectos relativos ao ámbito político-administrativo, económico, social e xurídico
A74	Comprender as Teorías e Enfoques de Ciencia Política e da Administración
A80	Comprender a estrutura, organización e funcionamento das AAPP multinivel
B15	Compromiso e defensa dos valores democráticos
B16	Compromiso coa eficacia e eficiencia do traballo da administración
B23	Capacidade de resolución de problemas
B24	Habilidades para relacións interpersoais e capacidade relacional
B25	Capacidade de razoamento crítico e aceptación de ideas e críticas
B29	Disposición para traballar en equipo

Competencias de materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Comprender o comportamento dos actores político-administrativos.	A29
Coñecer e diferenciar o conxunto de entes públicos e privados que traballan en rede coas AAPP.	A30
Entender as relacións de poder intergubernamentais.	A44
Identificar as características da Nova Xestión Pública.	A54
Saber emitir reflexións, xuízos e ideas sobre aspectos relativos ao ámbito político-administrativo, económico, social e xurídico.	A70
Disposición para traballar en equipo.	B29
Compromiso e defensa dos valores democráticos.	B15
Compromiso coa eficacia e eficiencia do traballo da Administración.	B16
Habilidade para a resolución de problemas.	B23
Habilidades para relacións interpersoais e capacidade relacional.	B24
Capacidade de razoamento crítico e aceptación de ideas e críticas.	B25
Comprender as teorías e enfoques da ciencia política e da Administración.	A74
Comprender a estrutura, organización e funcionamento das AAPP multinivel.	A80

Contidos

Tema	
1. Sociedade, economía, mercado e Administración Pública ante a globalización.	1. Que é a globalización? 2. Unha visión desde as Administracións Públicas.
2. Enfoques de análise das Administracións Públicas contemporáneas.	1. Enfoque de ciencia política. 2. Enfoque de ciencia da Administración. 3. Enfoque de políticas públicas. 4. Enfoque de teoría da organización e xestión pública. 5. Enfoque de relacións e xestión intergubernamentais. 6. Enfoque gobernanza.
3. A ciencia da administración: Elementos básicos de análise.	1. Palabras clave para a Análise das Administracións Públicas. 2. Dimensións da análise: 2.1. Estructuras administrativas. 2.2. Estructuras de persoal.
4. As administracións do Estado: nova configuración institucional multinivel e intergubernamental.	1. Administracións Públicas na OCDE. 2. Administracións Públicas na Unión Europea Administracións centrais en España. 3. O Estado autonómico e a súa realidade político-administrativa. 4. A Administración local no Estado das Autonomías. 5. As Administracións Públicas en Galicia. 6. As Administracións Públicas nos ámbitos. transfronteirizos. A Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal.
5. Conclusións: gobernanza e Administracións Públicas.	1. Estratexias das Administracións Públicas para o século XXI. 2. Gobernanza e redes en España: participación das Administracións Públicas nos asuntos públicos.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Resolución de problemas e/ou exercicios	20	40	60
Seminarios	8	8	16
Debates	3	6	9
Sesión maxistral	12	12	24
Probas de autoavaliación	4	5	9
Informes/memorias de prácticas	6	12	18
Estudo de casos/análise de situacións	7	7	14

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

Descrición

Resolución de problemas e/ou exercicios	<p>En grupo, realizaranse os seguintes exercicios:</p> <p>Módulo 1: Enumerar e describir as institucións da globalización e que papel xogan as Administracións Públicas multinivel nelas.</p> <p>Módulo 2: Analizar un problema público desde a perspectiva de cada un dos enfoques de análise das Administracións Públicas</p> <p>Módulo 3: Distinguir entre institucións-organizacións e Administracións Públicas.</p> <p>Módulo 4: Establecer e xustificar as institucións públicas e as estruturas administrativas de España e Galicia.</p> <p>Módulo 5: Elaborar un informe a través do cal se defina o papel das Administracións Públicas en España e Galicia.</p>
Seminarios	<p>Asistir, polo menos, a un dos seminarios propostos polos docentes que imparten as materias de 1º de Grao, relacionados coa ciencia política e a Administración:</p> <p>Ciencia política I e políticas públicas.</p> <p>En grupo, elaborar un resumo sobre os contidos do seminario, no que se inclúa a seguinte información:</p> <p>Resumo breve (non máis dunha páxina a espazo e medio); tres elementos de debate; conclusións persoais sobre o seminario.</p>
Debates	<p>Organizar un grupo de debate estable para todo o cuadrimestre, no que participen todos os alumnos organizados en catro equipos.</p> <p>O obxectivo será que cada un dos equipos adopte unha posición e a defenda publicamente ante o resto de equipos, para cada un dos cinco módulos da materia.</p>
Sesión maxistral	<p>Participar, de forma individual, a través de preguntas, nas sesións de teoría que se desenvolverán os martes pola tarde, baixo o formato de grupos grandes.</p>

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Resolución de problemas e/ou exercicios	Ao longo das diferentes sesións maxistras programadas na guía da materia, que terán lugar os martes en horario de tarde, o titor da materia encargarse de resolver as dúbidas que se presenten en relación cos contidos, a metodoloxía e os exercicios establecidos para o bo desenvolvemento da materia.
Sesión maxistral	Ao longo das diferentes sesións maxistras programadas na guía da materia, que terán lugar os martes en horario de tarde, o titor da materia encargarse de resolver as dúbidas que se presenten en relación cos contidos, a metodoloxía e os exercicios establecidos para o bo desenvolvemento da materia.

Avaliación

	Descrición	Cualificación
Resolución de problemas e/ou exercicios	A resolución de problemas e exercicios defínese como unha parte fundamental para poder realizar unha avaliación continuada do traballo do alumno, para o que será requisito participar nas diferentes sesións de martes e xoves programadas ao efecto.	55
Seminarios	A participación individual en seminarios programados e/ou recomendados pola área de Ciencia Política e da Administración da Universidade de Vigo, considérase unha ferramenta necesaria para o afianzamento de conceptos e a análise crítica sobre as Administracións Públicas.	2
Debates	<p>O debate en grupo favorece a crítica construtiva e desenvolve as capacidades de comunicación, expresión e negociación (entre outras) dos alumnos no ensino superior.</p> <p>De aí a importancia deste instrumento para o desenvolvemento dos contidos e o cumprimento dos obxectivos da materia.</p>	2
Sesión maxistral	<p>A asistencia ás sesións teóricas supón a base sobre a cal se constrúe parte do coñecemento da materia.</p> <p>A outra parte necesaria, implica a participación dos alumnos a través de preguntas ao titor.</p>	20
Probas de autoavaliación	De forma individual, cada un dos alumnos deberá cumprimentar unha breve proba de autoavaliación para cada un dos módulos da guía.	20
Informes/memorias de prácticas	As prácticas que cada equipo de traballo foi desenvolvendo ao longo do cuadrimestre deberán ser obxecto de análise nun informe descritivo a través do cal se resume cada unha das actividades expostas polo titor para cada módulo.	1

Outros comentarios sobre a Avaliación

Bibliografía. Fontes de información

Mariano Baena del Alcázar, **Manual de Ciencia de la Administración**, Editorial Síntesis,
Xavier Ballart y Carles Ramió, **Ciencia de la Administración**, Tirant lo Blanch,
Enrique Varela, **Administraciones Públicas Contemporáneas**, Tórculo Edicións,

As fontes de información complementarias que se recomiendan para o seguimento da materia atópanse recollidas na Plataforma TEMA (materia P04G090104).

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Ciencia política I: Introducción á ciencia política/P04G090V01105
Ciencia política III: Políticas públicas/P04G090V01204
Ciencia política IV: Sistema político español e galego/P04G090V01205
Xestión de documentos e información administrativa/P04G090V01305
Xestión de recursos humanos II: Organización e xestión do emprego público/P04G090V01403
Xestión pública e organización de servizos públicos/P04G090V01404
Dirección pública: Liderado e lexitimidade/P04G090V01602
Gobernos locais/P04G090V01502
Avaliación de políticas, programas e proxectos públicos/P04G090V01901
Goberno e administración electrónica/P04G090V01913
Institucións política-administrativas en perspectiva comparada/P04G090V01905
Modelos de mellora continua nas administracións públicas e no sector non lucrativo/P04G090V01906

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Ciencia política I: Introducción á ciencia política/P04G090V01105
Ciencia política III: Políticas públicas/P04G090V01204
Ciencia política IV: Sistema político español e galego/P04G090V01205

Outros comentarios

Para as materias que continúan o temario, recoméndase seguir o itinerario formativo proposto pola Área de Ciencia Política e da Administración co obxecto de afondar no perfil de Xestión e de Dirección Pública, segundo aparece no documento Anexo 1: "Itinerario Formativo Ciencia Política e da Administración" (Materia Plataforma TEMA: P04G090104).
